

Eu falo, ti escoitas.

Todos os anos vou coa miña familia á aldea onde viven os meus avós. Meu irmán Lois e máis eu marchamos ao rematar as clases e meus pai veñen en Noiteboa. Pasamos alí o día de Nadal, Fin de ano, Ano novo e o día de Reis. Regresamos todos o día 7.

Este ano estaba igual de emocionada que todos os demais, desexando que soara o timbre de saída e poder ir xa para a aldea. Cando chegou o momento (que pensei que non chegaría nunca) fun a nena mais feliz de toda Galiza. Ao chegar á porta reuníme co meu irmán e fomos camiñando para a casa. Alí deixamos a mochila, collemos a maleta e veu meu avó para levarnos.

O camiño fíxose eterno e, cando por fin chegamos, baixei correndo sen coller a equipaxe nin nada para darlle un abrazo e un bico á miña avoa, a miña persoa favorita no mundo. Despois volví pola miña maleta e ordenei un pouco o cuarto, onde ía durmir o resto do Nadal. Baixei á cociña contarlle todo o que me ocorrera o que levaba de curso á miña avoa. Ela escoitaba coma sempre e, ao contrario, eu falaba e falaba. Era o meu momento favorito do ano!

Ao día seguinte pola mañá, eu e mais meu avó fomos á vila comprar cousas para a cea e meu irmán e a avoa quedaron na casa. Cando volvíamos para a casa, atopamos a meu irmán correndo e berrando:

-Xelaaa! Avó! Axudaa -. Parecía aterrorizado.

- Que pasa Lois? Estás ben? -. Preguntou o avó preocupado.

-Non, non estou ben, a avoa caeu pola escaleira e non me contesta, non fala, non se move, está como morta!

Escoitar esas palabras foi coma se me empuxaran a min por elas. Fomos os tres correndo cara a casa e alí estaba... O único que quería nese momento era borrar esa imaxe da miña mente. O avó chamou a ambulancia e cando chegaron marchou coa avoa.

Viñeron os meus pais o máis rápido que puideron e leváronnos ao hospital. Ao chegar vin ao avó sentado nunha das cadeiras da sala de espera. Parecía roto por dentro.

Ao parecer miña avoa tivo unha caída moi forte polas escaleiras e golpeou a cabeza. Non saben se puido afectarlle mentalmente pero cren que aínda hai esperanzas de que esperte.

Nunca na miña vida tivera tanto medo coma naquel momento, non sabía que podía existir esa sensación tan horrible. Pasaron os días e non espertaba. A esperanza ía esvanecendo pouco a pouco. Algunha había pero cada vez menos. Non quería perdela toda, aínda non.

Unha semana despois do accidente eu estaba con Lois sentada no salón da casa e nun momento preguntéille se me podía traer un vaso de auga. El rompeu a chorar coma nunca o tiña visto. Pregunteille que lle pasaba e a súa resposta foi o último que esperaba escoitar. Díxome:

- Xela, o día que caeu a avoa viña xunto de min traerme un vaso de auga que lle pedira. Por culpa do meu maldito vaso de auga a avoa está como está. Nunca na miña vida o vira así de derrotado. Parecía que sentía que el tiña a culpa do da avoa pero o máis triste e que non só o parecía, el sentíao de verdade. Abraceino con todas as miñas forzas e pasamos alí o que pareceron horas, ata que chegaron os meus pais e o avó.

Unha semana despois déronme a mellor noticia da miña vida, a avoa tiña espertado. O malo era que non lembraba nin o seu nome, nin o meu, nin o do meu pai... Nada, non lembraba nada. Pasei todo o resto das vacacións intentando que a avoa me lembrara e, cando menos o esperaba, o día que me tocaba volver á miña casa, cando fun despedirme dela dixo:

-Ai, miña Xeliña! Non te preocupes que eu nunca me vou esquecer de ti, a miña persoa favorita no mundo. E dille a Lois que, como siga pensado que foi culpa súa, non volve entrar nesta casa. Grazas por axudarme esta semana a lembrar todo o que esquecín na caída porque sen ti nunca xamais tería lembrado. Grazas a ti e aos teus contos porque quero que saibas que sempre me vas ter para te escoitar. Xela fala e eu escoito, así foi desde sempre e así será para sempre.

Uxía Armesto Rodríguez, 3º ESO D.